



itinerario forestal polos Montes de Monfero



Introdución

O medio rural galego constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentábel do noso país e o monte unha peza fundamental para iso.

En Galicia, o monte define a paisaxe, constituindo as dúas terceiras partes do territorio. A accidentada orografía, a variabilidade xeolóxica e a situación nunha zona de transición entre o mediterráneo e o atlántico, dotan ademais aos nosos montes dunha grande diversidade de ecosistemas e de especies de flora e fauna.

A riqueza deste patrimonio natural foi aproveitada durante séculos polos nosos antepasados como fonte de recursos e complemento para a economía agrogandeira dentro dunha relación ser humano-natureza totalmente equilibrada. Así, pouco a pouco, o noso entorno foi sendo transformado, dando lugar a unha paisaxe rural humanizada pero igualmente diversa.

O monte que hoxe temos desempeña unha tripla funcionalidade: social, ambiental e económica, e o desenvolvemento rural do noso país pasa por unha xestión ordenada do mesmo, que poña en valor este potencial forestal, dende o punto de vista socioeconómico e tamén ambiental.

Dende sempre, o ser humano protexeu este elemento esencial da nosa cultura e da nosa vida, pero nos últimos anos esta relación está en perigo polo que compre resta-

blecer o coñecemento, o respecto e o valor do monte como elementos básicos da vida, facendo fronte ao desafío que supón compaxinar a produción forestal coa conservación.

Este desafío pasa por unha xestión forestal sostíbel, ambientalmente responsable, con actuacións que poñan en valor a multifuncionalidade do noso patrimonio forestal e que minimicen o risco de incendios forestais, así como con prácticas de manexo respectuosas que potencien os aproveitamentos diversificados.

O itinerario

O Itinerario de Penacabada discorre polos Cumios de Sanguñedo, no Concello de Monfero, por montes públicos xestionados pola Consellería do Medio Rural e dentro dos límites do Parque Natural Fragas do Eume.

Ademais, estes montes están incluídos dentro dos límites dun LIC (Lugares de Importancia Comunitaria), ecosistemas protexidos co obxecto de contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio dos estados membros da Unión Europea. A proposta galega de lugares de importancia comunitaria está composta por 59 espazos, denominándose a este Fragas do Eume.

A xestión forestal que aquí se realiza pasa por ser unha xestión sustentábel, que pon en valor a multifuncionalidade do monte, non orientada únicamente a obtención de beneficios económicos, senón tamén a obtención de beneficios ambientais e sociais.

Recursos e valores

Neste Itinerario existen abondosos recursos alén dos que habitualmente relacionamos co monte.

Recursos silvícolas

A madeira

Destes montes sae madeira con destino comercial (construción, chapa, carpintería, fabricación de tableiros, palés, etc). Cada destino ten distintas esixencias en canto a lonxitude, diámetro, cortiza, situación de nós, etc, que dependen por unha banda da calidade xenética da planta de orixe e por outra, dos traballos silvícolas que se practiquen. Os produtos madeiros poden acollerse a distintos sistemas de certificación.

A certificación forestal significa sostibilidade.

O fin da certificación forestal é garantir que os montes se están a xestionar de xeito sostíbel, é dicir, mantendo a súa biodiversidade, produtividade e vitalidade, atendendo ás funcións medioambientais, económicas e sociais, sen danar outros ecosistemas.

A certificación forestal é un proceso voluntario que da lugar a unha declaración escrita (certificado) que acredita a orixe da madeira sin elaborar e a súa situación e/ou características, previa validación dun terceiro independente (empresa ou organización auditora). O obxectivo da certificación é que aqueles que se acollan a ela poidan contrastar as prácticas de ordenación forestal levadas a cabo coas normas estipuladas e demostrar o seu cumprimento.



Existen varios sistemas de certificación forestal, aínda que os principais son FSC (Forest Stewardship Council) e PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification schemes). Os estándares de ámbolos dous sistemas son parecidos, a diferenza mais marcada é a forma de control, xa que o sistema de control do FSC é mais estricto.

Mercado mobles ou outros produtos de madeira que leven a etiqueta FSC ou PEFC, asegúrate que a madeira procede dunha xestión forestal sostíbel.



O gando

O silvopastoreo é o sistema de manexo que combina árbores, pastos e gando no mesmo sitio. Das árbores, como vimos, pódese obter entre outras cousas madeira para uso industrial e doméstico, pero a cuberta herbácea e a matoqueira do monte poden cumprir unha función de alimento, protección e refuxio para o gando. O gando xerará un ingreso extra mentres as árbores crecen. Del poderá obterse carne e outros produtos coma leite, lá, coiro, etc, que poden ser destinados

para a venda ou para o autoconsumo. Nesta zona o aproveitamento gandeiro realízase mediante vacas de carne, que pastan ceibes polo monte.

A actividade gandeira no monte é boa en canto que pode axudar a mantelo limpo e a fertilizar. Nembargantes pode tamén dificultar a rexeneración e o crecemento das árbores.

Os cogumelos

Un aproveitamento complementario aos anteriores e que pode ser moi importante dende o punto de vista económico é o dos cogumelos. Debaixo das plantacións de coníferas existe unha gran riqueza micolóxica. Os piñeirais son ecosistemas de moito aproveitamento micolóxico. As especies mais salientables dende o punto de vista comercial que poden aparecer nestes montes son *Boletus edulis*, *Boletus pinicola*, *Lactarius deliciosus*, *Lactarius sanguifluus* e *Lactarius semisanguifluus*. Tamén podemos atopar *Tricholoma portentosum* e *Tricholoma equestre*.



Lóxicamente, os coidados e traballos que se fagan no monte van influir sobre a produción dos cogumelos, así, as rozas normalmente incrementan a produción e facilitan a colleita, mentres que a fertilización favorece a unhas especies e perjudica a outras.

Froitos e plantas medicinais e aromáticas

O monte tamén pode ser unha boa despensa de froitos secos, moitos deles empregados para o consumo humano, industrial, confitero (piñóns, castañas, avelás, noces, etc.) e como alimento do gando. Pequenos froitos carnosos e silvestres, como arandos, amorodos e abruños, poden empregarse tamén para facer licores e marmeladas.



é cada vez maior, situación que se ve traducida as veces na necesidade de regular a recolección mediante leis ou nos plans de ordenación.

Apicultura

A apicultura é unha actividade agropecuaria que pode levarse a cabo nos nosos montes co obxectivo de obter os produtos que as abellas son capaces de elaborar e recolectar e que, polo tanto, pode xerar beneficios directos como consecuencia da venda destes produtos (mel, cera, pole, propóleo, xalea real, veneno de abellas, etc).



Outro aproveitamento asociado ao monte é o das plantas aromáticas e medicinais como xenciana, tomiño, camomila, espliego, lúpulo, melisa, menta, etc. A demanda deste tipo de plantas está crescendo, con aproveitamentos en diversos sectores (aromaterapia, cosmética, licorería, perfumería, alimentación, fitoterapia e farmacia). A presión sobre as poboacións silvestres destas plantas, ao igual que no caso dos cogumelos,

Os traballos no monte

O aproveitamento forestal require a realización de diversos traballos silvícolas, dende a plantación inicial, o primeiro clareo, as podas, as rozas, as claras (normalmente dúas en total) ata a corta e a saca final. Todos estes traballos axudan a obter unha madeira de calidade, aínda que isto depende en primeira medida da xenética da semente plantada. Hoxe en día a Consellería do Medio Rural dispón de hortos sementeiros para a obtención de exemplares de mellor calidade.

As rozas (manter o monte libre de mato) e as podas a altura axeitada, ademais de axudar ao crecemento da planta, fano na prevención e a defensa dos incendios forestais.

Defínese RODAL como a unidade elemental e parte dunha plantación forestal, suficientemente homoxénea para poder realizar un tratamento silvícola. En rodais plantados en ringleira e a distancias predeterminadas, inicialmente cada planta ten espazo suficiente para crecer libremente. Co tempo, as copas ensanchan e as árbores compiten coas veciñas pola luz, nutrientes e humidade. Esta competencia é mais forte ano tras ano.



Cortas a feito nun tempo



Cortas a feito en dous tempos con reserva de árbores pai

Aproveitamento de residuos forestais

Na actualidade a leña do monte a penas se recolle para os fogares do rural para cociñar ou quentarse. Os residuos das cortas forestais pódense transformar por exemplo en briquetas para queimar. A biomasa é unha enerxía renovable. Retirar estes residuos do monte diminúe a cantidade de biomasa no mesmo e polo tanto tamén o risco de incendio, pero por outra banda tamén se retiran nutrientes do propio monte que se incorporarían no ciclo dun xeito natural, polo que esta cuestión debe ser valorada en cada caso e moito en concreto para tomar a decisión mais convinte.

A excesiva abundancia de mato e restos forestais no monte, ademais de aumentar o risco de incendios, pode favorecer tamén a presenza de insectos perforadores, fungos e outros axentes que poden representar pragas forestais.



Resina

Como produto forestal ten amplas e modernas aplicacións industriais. Obtense de árbores vivas (fundamentalmente piñeiros) polo que se trata dun produto natural renovable. Da resina obtense augarrás e colofonia, que se empregan en farmacia, na fabricación de barnices, como cola, como compoñente esencial para a fabricación de xabóns, incensos, etc.

Os CLAREOS ou RAREOS consisten na extracción dos pés sobrantes da masa principal. Nun principio actúase cortando os peores pés, tratando de favorecer aqueles que van perdurar, de xeito que non se malgasten nutrientes e auga. Os pés extraídos mediante os clareos non teñen ningún aproveitamento comercial.

Os beneficios das claras teñen unha dobre vertente, silvícola e económica:

- recólctase antes da corta final, polo que hai rendas intermedias.
- as árbores son seleccionadas, promovendo as árbores boas.
- o tronco engrosa antes ao quedar máis distanciados.
- a madeira conseguida é máis homoxénea.
- adiántase o momento da corta final.
- mellora a estabilidade ecolóxica da masa ao conseguirse árbores con copa máis equilibrada e máis resistente. As plantacións pechadas son fráxiles e máis sensibles a pragas e enfermidades.
- increméntase a produción de pastos, mellorando o valor estético e recreativo

da masa, proporcionando un mellor hábitat á fauna silvestre e aumentando a estabilidade da masa fronte o lume.

Despois da clara designaranse as árbores de porvir, entre os 200-300 pés mellores da masa e que permanecerán ata a corta final.

Corta a feito

Son cortas continuas que dan lugar a masas regulares e consisten na extracción total das árbores, empregándose normalmente en masas monoespecíficas. Estas cortas poden ser:

Cortas a feito nun tempo: cando se extraen dunha soa vez tódalas árbores do rodal.

Cortas a feito en dous tempos: deixase unha reserva de árbores trala primeira corta ou corta principal, que poden quedar diseminados ou en grupos.

Corta a feito por faixas: cando as unidades de corta son longas e estreitas.

As cortas a feito recoméndanse con rexeneración en monte alto (cando mais do 80 % da planta procede de rexeneración por semente) en masas de *Pinus pinaster* e *Pinus radiata* para produción de madeira con turnos de corta entre 25 e 40 anos.

Valores ambientais

Ademais dos valores económicos do monte (produtivos), existen unha chea de beneficios ambientais, non menos importantes. As distintas especies do monte fixan CO₂, producen O₂, regulan o ciclo da auga á vez que favorecen a súa limpeza e conservan a humidade ambiental. Tamén protexen o solo da erosión producida pola escorrentía superficial e fan un efecto barreira do vento creando un hábitat protexido onde poden atopar refuxio e vivenda moitas outras especies animais e vexetais, favorecendo así o aumento da biodiversidade.

Valores sociais

O monte tamén é un espazo para pasear, para investigar e disfrutar da natureza, facer rutas en bicicleta ou a cabalo, etc. Pode ser un lugar ideal para o deporte, a contemplación e o recreo, ao igual que constituír un bo espazo educativo. Podemos achegarnos ata o monte para contemplar as vistas, para respirar aire limpo, para descubrir a riqueza de flora e fauna existente e a presenza de elementos de enorme importancia patrimonial como mámoas, cruceiros, muíños, curripas ou alvarizas, etc. Como vemos, as posibilidades que o monte nos ofrece para desfrutar no noso tempo de lecer son case ilimitadas.

Este uso social do monte pode tamén contribuír ao asentamento e a fixación de poboación e emprego, principalmente en zonas desfavorecidas, coa promoción destas actividades por parte dos propietarios.



■ Elementos patrimoniais

Dentro dos valores patrimoniais son numerosas as manifestacións que podemos atopar neste itinerario.

Curripas

Trátase dunha mostra do secular aproveitamento da castaña nos soutos. As curripas ou ouriceiras son pequenas construcións circulares, algunhas delas aínda visibles, cunha parede de non mais de 1 metro de altura e un diámetro de 2-3 metros, onde se amontoaban e conservaban os ourizos, antes de pisar para debullar e sacar as castañas. O aproveitamento dos castiñeiros foi fundamental durante séculos xa que o seu froito foi un produto básico na dieta ata a chegada da pataca, pero aínda así non perdeu a súa importancia ata mediados do século XX.



Pilladoiro

É unha estrutura para “pillar” as vacas que pastan ceibes no monte e poder así marcalas, revisalas e/ou sacalas do propio monte para levalas o matadoiro. Construído en madeira, e formado por dúas paredes converxentes nun corredor estreito a xeito de funil. Os extremos do pilladoiro comezan cunha separación duns 25 metros, que van pechándose ata chegar, no extremo oposto a non ter mais de 1,5 metros.

Mámoas

As mámoas (denominadas tamén medroñas ou modorras) son amoreamentos artificiais de terra con forma de pequeno outeiro que se nos presentan sobre o terreo, e que moi frecuentemente agachan no seu interior unha estrutura pétreo coñecida co nome de dolmen ou anta, vestixio funerario da cultura megalítica estendida por Europa Occidental e que na maioría dos casos corresponden a enterramentos colectivos.

Mosteiro de Monfero

O monumento máis salientable, símbolo do Concello, é o Mosteiro cisterciense de Santa María de Monfero, fundado en 1134 e reconstruído na segunda metade do século XVII, cunha igrexa románica de fachada barroca de gran beleza.

A igrexa é a parte mellor conservada, destacando a súa fachada barroca, única en Galicia. A planta é de cruz latina, cunha gran cúpula barroca na intersección da cruz. Especial atención merecen os sepulcros de Nuno e Fernán Freire de Andrade e Diego de Andrade, que se atopan no interior aínda que son anteriores a ela. O edificio monacal conta con tres claustros, dous deles de estilo renacentista e un terceiro, o de maior extensión, de estilo barroco, cun fermoso freixo no centro dende o que se pode apreciar toda a beleza da cúpula.



Recursos ambientais

Como xa comentamos, a Serra de Sanguíño adéntrase nos terreos do Parque Natural Fragas do Eume, declarado no ano 1997 e que forma parte da Rede Natura 2000.

Estas fragas son un conxunto de bosques seminaturais que acompañan ao río que lles dá nome no seu tramo final. Na actualidade constitúen o exemplo máis representativo dos bosques que en tempos pasados poboaban a maior parte de Galicia, con carballos como especie dominante, misturados con outras especies caducifolias coma castiñeiros, bidueiros, freixos, ameneiros, etc.



Queiroga (*Erica mackaiana*)

Pero non todo son fragas dentro do Parque. Acompañando a estes bosques húmidos, o monte constituído sobre todo por piñeiros de repoboación e matogueira, aporta mais nichos ecolóxicos para o asentamento doutra flora e fauna, axudando así a aumentar a biodiversidade do Parque Natural. Temos así un mosaico de vexetación, con distintos estratos e tipoloxía, que permiten a presenza de numerosas especies vexetais e animais.



Pegada de lobo (*Canis lupus*)

O efecto protector das Fragas e do propio canón do Eume permitiu a pervivencia ata os nosos días de especies de fentos como *Woodwardia radicans*, *Culcita macrocarpa* e *Trichomanes speciosum*, propias do clima subtropical que había en Galicia durante o Terciario.

A mais desta importante flora pteridolóxica, existe unha flora briofítica e líquénica con grande cantidade de especies.



Femia e macho de vacaloura (*Lucanus cervus*)



Peto verdeal (*Picus viridis*)

Outra vexetación representativa desta área son as matogueiras dominadas polo endemismo *Erica mackaiana* (queirogas ou carpazas), especie incluída na Directiva Hábitats. Estas matogueiras constitúen o alimento do gando e son a zona ideal para o lobo, animal dos máis singulares que podemos atopar por esta zona e do que non é difícil ver sinais ou rastros da súa presenza (excrementos e pegadas, principalmente).

Son as temperaturas suaves e a diversidade da vexetación as que posibilitan que nesta zona exista unha fauna abundosa, dende os invertebrados ata os mamíferos.

Existen especies de invertebrados endémicos de Galicia e de Europa, como o caracol de Quimper (*Eloina quimperiana*) e a vacaloura ou escornabois (*Lucanus cervus*) que precisa de madeira en descomposición para o alimento das súas larvas.

En canto a anfíbios e réptiles, podemos destacar a salamántiga galega (*Chioglossa lusitanica*), xoia do noso patrimonio natural e a rá patilonga (*Rana iberica*), a máis pequena das ras galegas.

Estes montes sêrvenlles de refuxio a algúns vertebrados como o xa mencionado lobo (*Canis lupus*), a xeneta (*Genetta genetta*) e o furafollas ibérico (*Sorex granarius*) entre outros. Tamén merecen especial atención os cérvidos coma o corzo (*Capreolus capreolus*), que tras décadas de desaparición está hoxe en día ben espallado, ao igual que o cervo (*Cervus elaphus*) que se reproduciu procedente de escapes de cautividade. O xabarín (*Sus scrofa*), así como a lebre (*Lepus europaeus*), tamén están ben espallados nestas áreas de matogueira.

Por último, por estes montes tamén podemos observar e escoitar a pequenos paxaros como papuxas, chascos, mosquiteros, picafollas, ferreiriños, petos verdeais, cucos, etc. e outros non tan pequenos como miñatos, avelaionas e noitebras.

Especies forestais do itinerario

■ PINUS PINASTER

Familia: Pináceas (*Pinaceae*)

Altitude: entre 0 e 1.500 m

Crecemento: Rápido.

Turnos de aproveitamento: 35 - 40 anos.

Nomes vulgares: gal: *piñeiro do país*, *piñeiro bravo*;
cast: *pino resinero*, *pino rodeno*, *pino marítimo*.

Pode acadar os 30 m de altura, coa copa clara e o porte irregular. Dos piñeiros peninsulares é o que ten un crecemento máis rápido. A casca é grosa de cor marrón avermellada e irregularmente gretada. Acículas en grupos de 2, ríxidas e algo punzantes. Piñas ovado-cónicas, simétricas, máis ou menos pedunculadas e máis ou menos persistentes.



É unha especie que presenta gran resistencia en solos de escasa fertilidade e moi areosos, onde poucas especies de interese económico poden prosperar. Os solos máis favorables son os soltos e lixeiros, tolerando mal o asolagamento e as texturas pesadas.

Soporta ben a seca estacional, pero ten baixa resistencia ao frío, vento e neve.

Aproveitamentos:

O principal aproveitamento é o derivado da madeira.

A resinación foi unha práctica pouco frecuente e hoxe en día totalmente abandonada. A obtención de leña foi e segue a ser habitual no monte galego, pois o tamaño das piñas e a separación das escamas unha vez secas convírteno no combustible preferido, aínda que o aproveitamento complementario máis importante dende o punto de vista económico é o dos cogumelos que crecen baixo o piñeiral.



PINUS RADIATA


Familia: **Pináceas** (*Pinaceae*)

Altitude: entre 0 e 1.200 m.

Crecedemento: rápido.

Turnos de aproveitamento: 30 - 40 anos.

Nomes vulgares: gal: *piñeiro de repoboación*; cast: *pino de Monterrey, pino insigne*.



O *Pinus radiata* é unha árbore perennifolia de 30-40 m de altura.

É unha especie de crecedemento rápido que non supera o metro de diámetro pola baixa lonxevidade, que pode chegar aos 100 anos en bosques naturais. Ten o tronco recto, con casca rugosa e grosa de cor pardo avermellado. As polas son horizontais, ascendentes, con xemas resinosas. As follas son aciculares, en grupos de 3 e as piñas son longas en grupos de 2 a 5.

É unha especie sensible ao frío e as xeadas, preferindo climas suaves, litorais con abundosa humidade atmosférica.

Vexeta ben sobre solos moi variados, agás solos mal drenados e solos ultrabásicos.

Aproveitamentos:

A madeira é moi homoxénea e se emprega na fabricación de mobles, caixas de embalar, taboleiros, aglomerados, palets, envases e embalaxes, pasta para papel, etc. A casca de piñeiro era, ata hai algúns anos, un subproduto non empregado e engoroso na industria transformadora galega. Hoxe en día emprégase na fabricación de sustratos vexetais fundamentalmente e como combustible de caldeiras, ao mesmo tempo que é un material cotizado polas empresas que xeran enerxía a partir de biomasa.

■ PINUS NIGRA

Familia: **Pináceas** (*Pinaceae*)

Altitude: entre 700 e 1.500 m

Crecedemento: Medio.

Turnos de aproveitamento: 50 - 55 anos.

Nomes vulgares: gal: *piñeiro laricio*; cast: *pino negral*, *pino salgareño*, *pino gargallo*.



Árbore perennifolio monoico que pode acadar os 40 m de altura. A copa é moi densa e a casca gris-prateada e escomosa. As follas son aciculares en grupos de dúas cos cos bordes lixeiramente aserrados de cor verde escura que poden durar ata 6 anos antes de caer. Florece na primavera, producindo, cada 4 ou 5 anos, abundantes piñas ovado-cónicas simétricas e sentadas.

É unha especie resistente á seca e frío invernal, que require pluviosidade moderada e prefire solos calizos, frescos e profundos. Resiste ben a contaminación e a súa madeira é bastante dura e resistente á putrefacción.

Aproveitamentos:

Empregouse na construción de barcos, para facer os paos maiores das embarcacións de vela, tamén na construción e na ebanistería. Pódese resinar, aínda que o seu rendemento é inferior ao de *Pinus pinaster*, e ten un gran valor como especie ornamental (debido o contraste entre a cor da copa e da casca). Tanto pola excelente calidade da súa madeira como polo seu valor ornamental fixéronse intentos de repoboacións en diversos montes galegos, aínda que os resultados non foron moi satisfactorios debido sobre todo a súa preferencia por terreos calizos e os problemas de rexeneración que soporta.

■ BIDUEIRO (*Betula pendula*)

Betula pendula

Familia: **Betuláceas** (*Betulaceae*)

Altitude : 1.000-2.000 m.

Crecedemento: medio

Turnos de aproveitamento: 35-40 anos con boa selvicultura

Nomes vulgares: gal: *bidueiro*; cast: *abedul*

O bidueiro é unha árbore que crece moi rápida e vigorosamente, acadando máis de 20 metros de altura cando as condicións son boas. As súas raíces non son moi abundantes e medran preto da superficie.

Esta especie necesita luz, polo que non soporta vivir tapada por outras. Baixo ela desenvólvense outras especies, coma o carballo ou a faia, debido ao microclima ideal que crea pola súa alta transpiración e bombeo de nutrientes minerais cara ao solo.

Posúe unha gran capacidade de dispersión e un rápido e vigoroso crecedemento, polo que coloniza con gran rapidez os terreos descubertos.





As follas son simples, alternas e colgantes, de forma triangular ou romboide, algo coriáceas, en punta e co borde serrado.

O froito, semellante a unha noz con dúas ás, madura entre xullo e setembro.

As sementes desta árbore son os seres vivos alados máis lixeiros do mundo. Despois das glaciacións foron as primeiras árbores que cubriron a terra.

Aproveitamentos

A madeira, lixeira e elástica, emprégase para mangos de ferramentas e utensilios de pequeno tamaño. Proporciona moi bo combustible e tamén serve para obter pasta de papel. Coa savia elabóranse viños caseiros, cervexa, tónicos, xampús e locións para o cabelo e coa casca fabricábanse canles para a auga, zocos, polainas e tecidos. As follas en infusión, xunto cos abrollos tenros, empregábanse como diurético, antirreumático e como remedio contra a febre. As pólas, poden empregarse para facer cestas e vasoiras.

■ CASTIÑEIRO

Castanea sativa

Familia: **Fagáceas** (*Fagaceae*)

Altitude: 0 - 1.500 m

Crecedemento: lento

Turnos de aproveitamento: 40- 45 anos.

Nomes vulgares: gal: *castiñeiro*; cast: *castaño*

O castiñeiro é unha árbore grande e robusta; mide entre 20 e 30 metros de altura e ten unha copa moi ampla e redondeada. Posúe un tronco curto e bastante groso, que pode supera-los dous metros de diámetro. É unha especie moi lonxeva que acada os 1.000 anos de idade. Atópase en solos soltos e profundos, en ladeiras frescas e sombrías, pero quentes no verán. O cultivo desta árbore coñécese dende a antigüidade pola multitude de usos e aproveitamentos.

As follas son grandes, de forma lanceolada e co borde serrado. As flores son longas espigas erguidas e estreitas, de cor amarela, e os froitos, as castañas, están cubertas dunha cúpula espiñosa en forma de globo (o ourizo).



Aproveitamentos

O froito, a castaña, emprégase como alimento para as persoas e para os animais. A madeira emprégase para postes, estacas, fabricación de chapa, toneis, cestería e carpintería. As follas e casca fervidas eran boas para a diarrea e as dores de garganta.

O castiñeiro é moi apreciado no rural galego porque proporcionou tradicionalmente froito e madeira de gran utilidade. É unha das poucas especies que se cultiva dende antigo conservándose excelentes variedades de froito. A enfermidade da tinta provocou unha importante regresión nos soutos de castaña sobre todo na zona costeira. Actualmente empréganse híbridos entre castiñeiro europeo e asiático resistentes a enfermidade.

